

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 22 de febreiro de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterio de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)". (Expte.- 2023056043).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	25,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	25,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	24,00
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	23,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	21,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	20,00
VILARIÑO ESP, S.L.	15,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	546.061,63 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	540.297,69 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	534.184,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	546.119,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	525.975,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	577.093,82 €	3%	36 MESES	SI	NO
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	569.990,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
VILARIÑO ESP, S.L.	548.973,80 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

